

VII Convocatoria para seleccionar o alumnado que formará parte dos Comités de Avaliación Docente no marco das XV e XVI convocatorias do Programa Docentia

PREÁMBULO	1
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.....	2
Artigo 1. Obxecto da convocatoria	2
Artigo 2. Comités de avaliación docente e prazas convocadas	2
Artigo 3. Funcións e responsabilidades dos comités de avaliación docente.....	2
CAPÍTULO II. SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS	2
Artigo 4. Presentación de solicitudes	2
Artigo 5. Requisitos das persoas solicitantes.....	3
Artigo 6. Criterios de valoración	3
CAPÍTULO III. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN	4
Artigo 7. Comisión de selección.....	4
Artigo 8. Procedemento de selección	4
Artigo 9. Nomeamento e vixencia	5
CAPÍTULO IV. DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS AVALIADORAS.....	5
Artigo 10. Retribucións.....	5
Artigo 11. Incumprimento das funcións e responsabilidades	5
Artigo 12. Protección de datos persoais	5
Disposición adicional única. Información	6
Disposición final primeira. Habilitación	6
Disposición final segunda. Recursos.....	6
Disposición final terceira. Entrada en vigor.....	6

PREÁMBULO

O Programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario da UDC (Docentia), informado favorablemente pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia no ano 2007 e implantado na Universidade da Coruña (UDC) no curso académico 2008/09, ten como obxectivo principal contribuír á mellora da calidade da docencia universitaria e, en consecuencia, á mellora dos resultados de aprendizaxe do estudiantado.

Desde a súa implantación, a UDC publicou sucesivas convocatorias para avaliar a actividade docente do seu profesorado coas súas correspondentes edicións do *Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC*.

De acordo co disposto no apartado 5.2.2.2 da edición actualmente vixente do *Manual*, aprobada polo Consello de Goberno da UDC na súa reunión do 28 de abril de 2026, é preciso seleccionar os membros que conformarán os comités de avaliación docente que participarán no proceso de avaliación correspondente ás XV e XVI convocatorias para avaliar a actividade docente do profesorado da UDC.

En aplicación do disposto no apartado 5.2.2.1 do citado manual, a Comisión Interna da Universidade publica a VII convocatoria para seleccionar, entre o alumnado da UDC, os/as vogais internos/as que formarán parte dos devanditos comités de avaliación docente, de acordo coas seguintes bases.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto seleccionar o alumnado da UDC que integrará, como vogais internos/as, os comités de avaliación docente (CAD) na XV e XVI convocatoria do Programa Docentia.

Artigo 2. Comités de avaliación docente e prazas convocadas

Convócanse un total de cinco prazas de vogais internos/as coa seguinte distribución:

- 1 praza para o CAD da rama de Artes e Humanidades
- 1 praza para o CAD da rama de Ciencias
- 1 praza para o CAD da rama de Ciencias da Saúde
- 1 praza para o CAD da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas
- 1 praza para o CAD da rama de Enxeñaría e Arquitectura

Artigo 3. Funcións e responsabilidades dos comités de avaliación docente

As funcións e responsabilidades dos CAD serán as establecidas no *Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC* que resulte de aplicación na XV e XVI convocatoria do Programa Docentia. O *Manual* correspondente a XV convocatoria, actual convocatoria do Programa Docentia, está publicado na [páxina web da UTC](#). O *Manual* que se aplicará na XVI convocatoria poderase consultar nesa páxina web no primeiro cuadrimestre do ano 2027.

CAPÍTULO II. SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS

Artigo 4. Presentación de solicitudes

1. O alumnado interesado debe presentar a súa solicitude de participación mediante o modelo que figura como anexo I, no [Rexistro electrónico da UDC](#), no Rexistro Xeral da UDC (rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña) ou no Rexistro Auxiliar de Ferrol (Edificio

de Usos administrativos, campus de Esteiro), dirixida á Unidade Técnica de Calidade (UTC).

2. O prazo de presentación de solicitudes é do **1 ao 18 de setembro de 2026**, ambos incluídos.

3. Coa solicitude debe achegar a documentación acreditativa dos méritos que figuran nos apartados b)2., b)3. e b)4. do artigo 6 desta convocatoria, porque a UTC non dispón destes.

4. Cada persoa solicitante poderá presentar candidatura en máis dun CAD. Nese caso, deberá indicar a orde de preferencia, que se respectará sempre que sexa posible, de acordo coa puntuación obtida.

5. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria e do procedemento regulado no Manual do Programa Docencia.

Artigo 5. Requisitos das persoas solicitantes

As persoas solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser representante nalgún dos órganos colexiados da UDC.
- b) Estar matriculada, no actual curso académico, nalgún programa oficial de doutoramento (POD), máster universitario oficial ou grao que se imparta na UDC. Non poderá estar impartindo docencia en ningún título oficial da UDC.

Artigo 6. Criterios de valoración

A valoración das solicitudes realizarase ata un máximo de 100 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

a) Nivel dos estudos (ata 50 puntos)

- Alumnado dun programa oficial de doutoramento: 50 puntos
- Alumnado dun máster universitario oficial: 40 puntos
- Alumnado matriculado nos dous últimos cursos dun título de grao: 30 puntos
- Alumnado dos dous primeiros cursos dun título de grao da UDC de 240 créditos ou nos tres primeiros cursos dun título de grao de mais de 240 créditos: 20 puntos

b) Experiencia en actividades de avaliación e de xestión (ata 50 puntos)

1. Por ter formado parte dos CAD do Programa Docencia da UDC: 10 puntos por convocatoria, ata un máximo de 30 puntos.
2. Por ter desenvolvido funcións de avaliación da actividade docente do profesorado no marco do Programa DOCENTIA ou de programas análogos doutras universidades ou axencias de calidade nos últimos cinco: 1 punto por convocatoria.
3. Por ter formado parte de comisións ou paneis de avaliación de títulos oficiais en universidades ou axencias de calidade nos últimos cinco anos: 1 punto por proceso de avaliación.

4. Por ter participado en comisións ou grupos de traballo da UDC relacionados coa calidade universitaria ou coa mellora das titulacións oficiais nos últimos cinco anos: 2 puntos por ano ou a parte proporcional correspondente.

En caso de empate na puntuación final, darase prioridade á composición equilibrada entre mulleres e homes nos CAD.

CAPÍTULO III. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Artigo 7. Comisión de selección

1. A selección dos/as vogais internos/as será realizada pola Comisión Interna de Universidade (CIU), composta por:

- a) Presidencia: vicerreitor de Titulacións e Internacionalización
- b) Secretaría: persoa técnica da UTC (que actuará con voz pero sen voto)
- c) Vogalías:
 - vicerreitora de Profesorado,
 - adxunta de Organización Académica e Calidade,
 - xefatura da UTC,
 - cinco persoas docentes das seguintes ramas: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Ciencias, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura,
 - dúas persoas representantes do estudantado, e
 - unha persoa representante sindical do persoal docente e investigador (PDI).

2. A composición detallada das persoas que compoñen a dita comisión está dispoñible na seguinte páxina web: <https://www.udc.gal/utc/docentia/>

Artigo 8. Procedemento de selección

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a UTC comprobará o cumprimento dos requisitos e valorará os méritos das persoas solicitantes conforme o establecido no artigo 6 desta convocatoria.
2. A CIU, á vista da proposta elaborada pola UTC, aprobará a resolución provisional das persoas seleccionadas.
3. A CIU publicará no [Taboleiro electrónico oficial \(TEO\)](#) da UDC e na [páxina web da UTC](#) a resolución provisional, por rama de coñecemento, coa relación de persoas admitidas e excluídas e a causa da súa exclusión.
4. Contra a resolución provisional as persoas interesadas poderán presentar unha reclamación ante a CIU no prazo de 10 días hábiles, que contan a partir do día seguinte da súa publicación.
5. Unha vez resoltas as reclamacións, a CIU publicará no TEO e na páxina web da UTC a resolución definitiva, por rama de coñecemento, coa relación das persoas admitidas e excluídas. As persoas admitidas ordenaranse por titulares e suplentes.

Artigo 9. Nomeamento e vixencia

1. A CIU enviaralle á persoa titular da Reitoría da Universidade a proposta de nomeamento das persoas seleccionadas como vogais internos/as titulares dos CAD.
2. As persoas suplentes poderán ser nomeadas para cubrir vacantes ou incrementar o número de vogais dos CAD en función do número de expedientes que deban ser avaliados.
3. O nomeamento terá vixencia durante o desenvolvemento das convocatorias XV e XVI do Programa Docentia da UDC.

CAPÍTULO IV. DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS AVALIADORAS

Artigo 10. Retribucións

As persoas que integren os CAD percibirán as retribucións establecidas pola ACSUG para este programa, de acordo coa seguinte táboa:

Participación	Duración da xornada de traballo presencial (reunión de consenso)			Importe por expediente avaliado
	Inferior a 6 h	Entre 6 e 8 h	Maior de 8 h	
300 € brutos	100 € brutos	150 € brutos	200 € brutos	25 €

Artigo 11. Incumprimento das funcións e responsabilidades

1. As persoas seleccionadas como vogais internos/as dos CAD deberán cumprir as funcións e responsabilidades establecidas no *Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC* que resulte de aplicación na convocatoria para a avaliación do profesorado da UDC en que participen.
2. Se constan evidencias documentais do incumprimento destas funcións e responsabilidades por parte dalgún/ha vogal interno/a nunha das convocatorias para a avaliación do profesorado da UDC, a CIU, tras a súa análise, emite un acordo do incumprimento que lle remite á persoa vogal afectada.

Esta persoa non poderá formar parte dos CAD ata que transcorran seis anos desde a data de notificación da CIU.

Artigo 12. Protección de datos persoais

2. De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, sobre a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos ditos datos (RXPd), e o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos que facilite a persoa interesada mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cos seguintes datos de contacto: rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña, correo electrónico: rpd@udc.gal.
3. A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión desta convocatoria. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán o

deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

4. Os datos persoais que faciliten as persoas solicitantes conservaranse durante o tempo necesario para os fins do tratamento e, en todo caso, durante os prazos que estableza a lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.

5. As persoas interesadas consenten no tratamento dos seus datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento dos seus datos persoais, nos termos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.

Disposición adicional única. Información

1. As persoas interesadas poderán solicitar información no enderezo de correo electrónico docentia@udc.gal ou nas extensións telefónicas 1052, 1069, 1063, 1046 e 2303.

A documentación íntegra do Programa Docentia está dispoñible na [páxina web da UTC](#)

Disposición final primeira. Habilitación

Habílitase á Comisión Interna de Universidade para interpretar e resolver as dúbidas que poidan xurdir na aplicación desta convocatoria.

Disposición final segunda. Recursos

Contra esta convocatoria poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a reitora ou o reitor, segundo o disposto nos arts. 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Este prazo contará a partir do día seguinte da publicación desta convocatoria no TEO da UDC.

Disposición final terceira. Entrada en vigor

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

A CIU, na súa sesión do 23 de xullo de 2026, acorda aprobar a VII convocatoria para seleccionar o alumnado da Universidade da Coruña que formará parte, como vogais internos/as, dos comités de avaliación docente no marco das XV e XVI convocatorias do Programa Docentia.

O presidente da CIU

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN PARA SELECIONAR O ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA QUE FORMARÁ PARTE DOS COMITÉS DE AVALIACIÓN DOCENTE NO MARCO DAS XV E XVI CONVOCATORIAS DO PROGRAMA DOCENTIA**DATOS PERSOAIS**

Apelidos e nome

NIF

Correo electrónico

Centro

Titulación en que está matriculado/a

RAMA DO COMITÉ DE AVALIACIÓN DOCENTE (CAD) EN QUE SOLICITA PARTICIPAR

- ☐ Artes e Humanidades (núm. preferencia:)
- ☐ Ciencias Sociais e Xurídicas (núm. preferencia:.....)
- ☐ Ciencias (núm. preferencia:.....)
- ☐ Enxeñaría e Arquitectura (núm. preferencia:.....)
- ☐ Ciencias da Saúde (núm. preferencia:.....)

Cada persoa solicitante poderá presentar candidatura en máis dun CAD. Nese caso, deberá indicar a orde de preferencia, que se respectará sempre que sexa posible, de acordo coa puntuación obtida.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- ☐ Acreditación conforme participou en comisións ou grupos de traballo da UDC relacionados coa calidade universitaria ou coa mellora das titulacións oficiais nos últimos cinco anos.
- ☐ Acreditación conforme desenvolveu funcións de avaliación da actividade docente do profesorado no marco do Programa Docentia ou de programas análogos doutras universidades ou axencias de calidade nos últimos cinco anos.
- ☐ Acreditación conforme formou parte de comisións ou paneis de avaliación de títulos oficiais en universidades ou axencias de calidade nos últimos cinco anos.

A persoa que asina a continuación solicita participar no proceso de selección do alumnado da UDC que formará parte dos comités de avaliación docente no marco das XV e XVI convocatorias do Programa Docentia.

.....,dede 2026

(sinatura)

Sr. Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización
Presidente da CIU